

---

Boletín 4

29 de setembro – 3 de outubro

---

---

## **Acto de entrega e instalación do cadro "Añoranzas cántabras del Sardinero", de Felipe Criado**

O luns 29 de setembro, ás 12.00 horas e so a presidencia do reitor Antonio López, terá lugar o acto de entrega e instalación no segundo andar da facultade do cadro “Añoranzas cántabras del Sardinero”, de Felipe Criado.

Este extraordinaria peza, que é cedida pola familia Criado Boado á nosa facultade, rememora os tempos da infancia do autor en Santander e é particularmente característica da pintura figurativa, o dominio da cor e o tratamento da muller do pintor.

## Actividades Culturais

**Título da actividade** Representación teatral 'O último home'

**Destinatarias** Toda a comunidade

**Organiza** Decanato da facultade de Filoloxía

**Datas** 29 e 30 de setembro

**Lugar e Horario**

- **Luns 29, 13:00 e 19:00 horas:** Auditorio da Facultade
- **Martes 30, 13:00 horas:** Auditorio da Facultade
- **Martes 30, 19: 00 horas:** Sala de Graos

**Enderezo electrónico de contacto** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**Descrición da actividade**

*O último home* é unha comedia teatral a modo de recital poético. E viceversa. Sendo precisos, unha comedia poética. Un artefacto cómico-poético-teatral para un home actor/rapsoda e unha muller DJ/ambientadora sonora, sobre a idea da extinción da especie humana.

*O último home* expón, desde a evidencia, o feito de que unha soa persoa sobreviva ao resto. Sen traumas. Sen alarmas. E con humor, por suposto. Porque non deixa de ser cómico que tendo todo a favor para gozar do mundo, o vaíamos destruír sen reparar en que nós formamos parte del.

Manuel Cortés sitúanos no final dos tempos para a raza humana. Lonxe da escuridade que suxire o tema, a poesía e a comedia artellan un espectáculo sorprendente.



**Título da actividade** La I.A.: nuestra aliada en la universidad

**Destinatarias** Estudiantes e docentes

**Axente que organiza** Grupo de Investigación 1350 - Románicas

**Data** 29 de outubro

**Lugar** Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

**Horario** 11-12 hs.

**Enderezo electrónico de contacto** [elvira.fidalgo@usc.gal](mailto:elvira.fidalgo@usc.gal)

### Descrición

Nun momento que a IA se nos presenta, a veces, como unha ameaza no noso traballo, a Profa. Azucena Penas Ibáñez, da Universidade Autónoma de Madrid, falará acerca de como podemos aproveitar a IA na nosa docencia e investigación. A Profa. Penas proporá exemplos prácticos e resultados obtidos nos proxectos de investigación que ela dirixe arredor deste tema.



**Título da actividade** XXXI Conferencia de Decanatos de Artes e Humanidades

**Axente que organiza** Decanato da Facultade de Filoloxía

**Data** 2 e 3 de outubro

**Enderezo electrónico** [filoloxía.decanato@usc.gal](mailto:filoloxía.decanato@usc.gal)

**Ligazón á páxina web**

[XXXI Conferencia de Decanatos de Centros Universitarios con titulaciones en Artes y Humanidades \(ADEAH\) | Universidade de Santiago de Compostela](#)

**Programa**



2 e 3 de outubro de 2025  
Facultade de Filoloxía  
Universidade de  
Santiago de Compostela

## Actividades Culturais

**Título da actividade** Soutullo e Vert no 2025: obra lírica a un século da súa estrea

**Axente que organiza** Decanato da Facultade de Filoloxía

**Data** Mércores 1 de outubro

**Lugar** Auditorio da Facultade de Filoloxía

**Horario** 15:00 - 19:30

**Enderezo electrónico de contacto**

[marcos.amado@rai.usc.es](mailto:marcos.amado@rai.usc.es)

**Ligazón á páxina web ou rede social**

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/eventos/xornada-soutullo-vert-2025-obra-lirica-seculo-sua-estrea>

**Descrición da actividade** A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela acollerá o mércores 1 de outubro unha xornada adicada aos recoñecidos autores de zarzuela, o gran último tándem de compositores do repertorio. A xornada busca por en valor a actividade investigadora e os resultados que esta xera a través de diferentes actividades.

# Soutullo e Vert no 2025

Obra lírica a un século da súa estrea

## 15.00h Mesa Redonda

Sobre a transferencia de coñecemento nas Ciencias Humanas. Participan María Felisa Rodríguez Prado integrante da Rede Galabra e José Luís Villaverde Acuña, Director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC.

## 18.00h Presentación da actividade

Elías Feijó Torres, decano.

## 18.10h Relatorio

Soutullo, Vert e o teatro na terceira década do século XX. Marcos Amado Rodríguez.

## 18.30h Concerto de zarzuela

Livia Leal, soprano; Pablo Nieves, barítono e Carmen Bargiela, piano.



Escanea o QR para acceder a web con toda a información do evento

Patrocina:



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES E CULTURA

Organiza:



FACULTADE DE FILOLOXÍA



## Actividades Culturais

**Título da actividade** Exposición 'A emoción creadora. Manuel Gómez Román e a arquitectura galeguista'

**Destinatarias** Toda a comunidade

**Axente que organiza** Decanato da Facultade de Filoloxía

**Datas** 25 de setembro – 28 de novembro

**Lugar** 1º. andar

**Horario** 8.30 a 20.30 h.

**Descrición** A exposición repasa brevemente a traxectoria do arquitecto vigués, galeguista e expoñente da arquitectura rexionalista galega.

Desde a Asemblea Nacionalista de Lugo (1918), a procura dunha arquitectura prototipicamente galega converteuse nunha prioridade para os intelectuais galeguistas que, como Otero ou Castelao, vían o románico e o barroco como os períodos de máximo esplendor da arquitectura galega. Gómez Román (Vigo, 1876-1964), que foi secretario xeral do Partido Galeguista, director de sección no Seminario de Estudos Galegos e membro da Real Academia Galega (1953), comprometeuse con este tipo de arquitectura tanto na práctica como na súa ampla colección de debuxos ideais de casas, vilas e cidades galegas.

A mostra conta tamén con dous traballos de virtualización de Carlos Paz Lorenzo e Andrés Armesto Cortiña do Centro Infográfico Avanzado de Galicia.



### A EMOCIÓN CREADORA

Manuel Gómez Román e  
a arquitectura galeguista


Facultade de Filoloxía  
25/09/2025 - 28/11/2025



FACULTADE DE FILOLOXÍA



XUNTA  
DE GALICIA



## Actividades Culturais

### Título XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

**Destinatarias** Estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

**Organiza** CNL da Facultade de Filoloxía

**Datas** Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

**Enderezo electrónico** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**Ligazón á páxina web ou rede social**

### Descrición da información

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!

## XI Concurso Literario Mazarelos (2025)

1º Premio:  
**600 €**

2º Premio:  
**500 €**

3º Premio:  
**400 €**

Aberto a todo o  
estudantado da USC e a  
investigadoras/es contratadas/os

Prazo de presentación ata o  
30 de setembro de 2025

Información e bases:

ESCANÉAME

ESCANÉAME

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

filoloxia

COMISSION NORMALIZACION LINGÜISTICA USC

XUNTA DE GALICIA

## Actividades Culturais

**Título da actividade** DÍA EUROPEO DAS LINGUAS 2025

**Destinatarias** Toda a comunidade

**Axente que organiza** Biblioteca

**Datas** 22-30 Setembro

**Lugar** Biblioteca

**Horario** 8.30 a 21.30 h.

**Enderezo electrónico de contacto** biblioteca.filoloxia@usc.gal

### Descrición da actividade

Con motivo do Día Europeo das Linguas o 26 de setembro, a biblioteca conta cunha pequena exposición de obras de poemas sobre a natureza nas distintas linguas que se estudian na Facultade e un pequeno recital multilingüe.

No recital poético, o día 26 a partir das 10.00 h. na biblioteca, leranse poemas de escolla libre dunha extensión de 100-150 palabras por lingua. A idea é ler en voz alta un texto significativo para cada persoa e dálo a coñecer aos demais.

**DÍA EUROPEO DAS LINGUAS 2025**

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA  
**Biblioteca**

*As nosas linguas na poesía*  
EXPOSICIÓN DE LIBROS  
22 - 30 setembro 2025

**Recitemos poesía!**  
LECTURAS  
Venres 26 setembro, 10:00 h

DAAD España USC FACULTADE DE FILOLOXÍA ffo Facultade de Filoloxía

## Actividades Culturais

**Título da información/actividade** CineFilo: 1ª sesión (6º ciclo)

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria

**Axente que organiza** Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

**Data** 30 de setembro de 2025

**Lugar** Salón de Actos, Facultade de Filoloxía

**Horario** 17:00 - 20:00 h

**Enderezo electrónico de contacto** proxecto.cinefilo@usc.gal

**Ligazón á páxina web ou rede social**

<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

### Descrición da actividade

O vindeiro martes 30 de setembro, CineFilo dá comezo ao seu 6º ciclo coa proexcción da serie documental "Non canto por cantare" (2025), para o que contará coa presenza da súa directora, Irene Pin. Presentada pola profesora de secundaria Gabriela Rivera Rodríguez, a serie explora a evolución da música popular galega a través das mulleres que a transmitiron e mantiveron viva, seguíndoa pola súa pervivenza e rexurdir nos últimos anos do século XXI.

## CineFilo PRESENTA



## NON CANTO POR CANTARE

Coa presenza da  
directora da serie  
documental, Irene Pin

30/09/2025  
Martes, 17h  
Salón de Actos  
Facultade de Filoloxía

Actividade aberta e de balde para o público xeral  
Recoñecida con 1 crédito ECTS para estudantes da USC  
Máis información en Instagram: @cinefilo.usc



FACULTADE DE FILLOXÍA

USC

VICERRECTORÍA DE ESTUDANTES E CULTURA

institut ramon llull

USC CENTRO DE LINGÜAS MODERNAS

## Actividades Culturais

**Título da actividade** CineFilo: 2ª sesión (6º ciclo)

**Destinatarias** Toda a comunidade universitaria

**Axente que organiza** Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

**Data** 7 de outubro de 2025

**Lugar** Salón de Actos, Facultade de Filoloxía

**Horario** 17:00 - 20:00 h

**Enderezo electrónico de contacto** proxecto.cinefilo@usc.gal

**Ligazón á páxina web ou rede social**

<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

### **Descrición da información/actividade**

O vindeiro martes 7 de outubro, CineFilo continúa o seu 6º ciclo cunha sesión dedicada á artista estadounidense Suzan Pitt. Presentadas por Itziar Burruel de Larrañaga, estudante de Lingua e Literaturas Modernas (mención en francés), serán proxectadas "Asparagus" (1979) e "Joy Street" (1995), dúas das súas curtametraxes animadas de estética surrealista.

## CineFilo PRESENTA



### **CURTAMETRAXES DIRIXIDAS POR SUZAN PITT**

*Asparagus* (1979)  
*Joy Street* (1995)

07/10/2025  
Martes, 17h  
Salón de Actos  
Facultade de Filoloxía

Actividade aberta e de balde para o público xeral  
Recoñecida con 1 crédito ECTS para estudantes da USC  
Máis información en Instagram: @cinefilo.usc

## Título da actividade

Simposio Internacional  
Teatro e activismo

**Destinatarias** Toda a  
comunidade universitaria

## Axente que organiza

Dirección: Mónica Rial  
Molanes; proxecto de  
investigación: “Teatro sin  
teatro: teoría y práctica  
del no actor en la escena  
española contemporánea”  
(PID2023-149349NB-I00);  
grupo de investigación de  
Teoría da Literatura e  
Literatura Comparada (GI-  
1371).

## Datas

29-30 de setembro

**Lugar** Sala Académica

**Horario** 9.45 - 14.00  
horas

## Enderezo electrónico de contacto

monica.rial.molanes@usc.es

## SIMPOSIO INTERNACIONAL “TEATRO E ACTIVISMO”

29 y 30 de septiembre de 2025  
Sala Académica, Facultade de Filoloxía



Dirección: Mónica Rial Molanes  
Coordinación: Miguel Alcalde Silveira e  
Sonia García Muñoz

\*A asistencia ao simposio é libre e de balde.  
Aqueles persoas que estean interesadas na obtención dun  
certificado de asistencia deben inscribirse a través do seguinte  
endereço electrónico: monica.rial.molanes@usc.es  
Requirese asistir, polo menos, ao 70% das intervencións  
programadas.

En colaboración con:



## SIMPOSIO INTERNACIONAL “TEATRO E ACTIVISMO”

29 e 30 de setembro de 2025  
Sala Académica, Facultade de Filoloxía

### Luns 29

- 09:45 Inauguración
- 10:00 Gabriela Cordone, Université de Lausanne  
*Activismo y teorías torcidas. Notas fugitivas sobre val  
flores*
- 11:15 Mario de la Torre, Universidad de Granada  
*Del yo al nosotrxs: la autoficción teatral como modo de  
protesta*
- 12:30 Pausa - café
- 13:00 Alba Saura clares, Universitat Autònoma de Barcelona  
*Memoria, artivismo y archivismo: cruces entre las artes  
escénicas y el activismo*
- 14:00 Peché da xornada

### Martes 30

- 10:00 Eduardo Pérez-Rasilla, Universidad Carlos III de Madrid  
*El teatro fuera del teatro. Artes escénicas y acción política*
- 11:15 Remedios Perni, Universitat d'Alacant  
*Shakespeare, Arte y Activismo*
- 12:30 Pausa - café
- 13:00 Encontro con Grupo Chévere  
*Teatro e activismo na escena galega*
- 14:00 Clausura

Comité científico:  
Anxo Abuín González (Universidade de Santiago de Compostela)  
Guadalupe Soria Tomás (Universidad Carlos III de Madrid)  
Belén Tortoso Pujante (Université de Strasbourg)



**Título da información** Sesión informativa sobre o TFG

**Destinatarias** Todo o estudiantado da facultade

**Axente que organiza** Decanato

**Data** 30 de setembro

**Lugar** Sala de Graos

**Horario** 14:00 horas

**Enderezo electrónico** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

---

# Actividades/Informacións académicas

**Título da actividade** Alumnado da provincia da Coruña e realidade virtual: resultados do proxecto "Xuventude e realidade virtual"

**Destinatarias** Aberta a toda a comunidade universitaria, especialmente enfocada ao estudiantado participante na investigación

**Axente que organiza** Persoal investigador en formación (estudiantado)

**Data** 30/09/2025

**Lugar** Aula B5

**Horario** 18:30

**Enderezo electrónico de contacto** [alba.calo@rai.usc.es](mailto:alba.calo@rai.usc.es)

**Descrición da actividade** O 30 de setembro ás 18:30 terá lugar na aula B5 da Facultade de Filoloxía un encontro de carácter divulgativo no que se conversará sobre os resultados do proxecto "Xuventude e realidade virtual: coñecemento e potencialidade deste novo medio na provincia da Coruña", financiado pola Deputación da Coruña, e no que algúns estudantes, tanto da Facultade de Filoloxía en concreto como da Universidade de Santiago de Compostela en xeral, participaron.



# Actividades/Informacións académicas

**Título da información/actividade** Proxecto MENTES

**Destinatarias** Estudantes do GLLM da mención de Francés, especialmente estudantes de 1º, 3º e 4º

**Axente que informa/organiza** Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy e Nuria Rodríguez Pedreira do Grupo de investigación FraDiS (Francés Discurso e Semiótica)

**Datas** Do 1 ao 15 de outubro.

**Enderezo electrónico de contacto** [emmanuel.bourgoïn.vergondy@usc.gal](mailto:emmanuel.bourgoïn.vergondy@usc.gal); [nuria.rodriíguez@usc.gal](mailto:nuria.rodriíguez@usc.gal)

**Ligazón á páxina web ou rede social** @filoloxiafrancesausc

**Descrición da información/actividade**

O proxecto MENTES está dirixido ao alumnado do Maior de Francés coa finalidade de favorecer a integración académica e persoal na universidade. A través dun programa de mentoría entre iguais, estudantes de cursos superiores ofrecen orientación, recursos e apoio aos compañeiros e compañeiras que inician a súa etapa universitaria. Trátase dunha iniciativa que promove a colaboración, o intercambio de experiencias e a creación dunha comunidade máis cohesiónada e solidaria dentro da nosa facultade. Se estudas francés, tanto se queres axudar como se precisas apoio, MENTES é para ti.

**MENTES**

PROGRAMME DE MENTORAT  
Licence Langues et  
Littératures Modernes  
MENTION DE FRANÇAIS

**BIENVENUE À LA FAC !**  
Tu viens de commencer tes études universitaires, des étudiant.e.s en fin de licence peuvent t'accompagner durant toute l'année académique.

**TU ES MAINTENANT EN 3e ou 4e ANNÉE ?**  
Tu peux devenir mentor pour aider « les 1ère année » à commencer leur parcours universitaire.

POUR PLUS D'INFOS, SCANNE CE CODE QR

**PRÉSENTE TA CANDIDATURE :**  
Du 01/10 au 15/10  
**Dépêche-toi !**  
**Places limitées !**

**MENTORS**  
1 crédit ECTS  
en cours de validation  
1 Certificat final

Coordination :  
Emmanuel C. Bourgoïn Vergondy  
Nuria Rodríguez Pedreira

ffo facultade de  
filoloxía

Fra  
DiS

Francés  
Discurso  
Semiótica

# Actividades/Informacións académicas

**Título da información/actividade** The dynamics of prepositions and prepositional constructions in Spanish. Scientific Network CoPrEspa. Third network workshop at the University of Santiago de Compostela

**Axente que informa/organiza** Scientific network CoPrEspa, grupos de Investigación LitLin@ e FRASESPAL, iLTIUS

**Datas** 2-3/10/2025

**Lugar** Facultade de Filoloxía, Sala Académica.

**Horario** Día 2/10: 9:30-13:30, 15:30-18:30. Día 3: 9:15-13:45.

**Enderezo electrónico de contacto** c.mellado@usc.es

**Ligazón á páxina web ou rede social**

<https://infoling.org/informacion/C3437.html>.

**Descrición da información/actividade**

Our scientific network follows the overarching hypothesis that the interaction between and variability within different levels of schematicity, as assumed in Construction Grammar, determine both the nature and the role of prepositions. The network projects aim at investigating and discussing the dynamicity of Spanish prepositional constructions and the role of prepositional elements in these constructions against a usage-based constructionist theoretical background, as well as by combining different empirical methods such as corpus analyses and psycholinguistic, experimental approaches.

Host: Carmen Mellado Blanco (Santiago de Compostela)

Organisers: Inga Hennecke (Tübingen), Evelyn Wiesinger (Regensburg)

Scientific Network CoPrEspa

## The dynamics of prepositions and prepositional constructions in Spanish

Third network workshop at the University of Santiago de Compostela

Universidade de Santiago de Compostela  
Facultade de Filoloxía, Sala Académica, 1st floor.  
Av.da de Castelao s/n.  
15782 Santiago de Compostela

### Thursday, 02 October

09:30 - 09:45 Introduction by Inga Hennecke & Evelyn Wiesinger

09:45 - 11:15 **Plenary Talk 1: Montserrat**

**Martínez Vázquez** (Sevilla): *Constructional borrowing in Spanish: The case of prepositional noun modifiers*

11:15 - 12:00 Coffee Break & Networking Time

12:00 - 13:30 **Plenary Talk 2: Francisco**

**González García** (Almería): *From morphology to discourse analysis: The case of coercion through "de" within the family of "ser + muy de-PP" constructions in present-day Spanish*

13:30 - 15:30 Lunch (Cafeteria) & Networking Time

15:30 - 16:30 **Carmen Mellado Blanco** (Santiago de Compostela) & **Pedro Ivorra Ordines** (Zaragoza): *Prepositions in action. A constructionist approach of the construction [a golpe de N]*

16:30 - 17:30 **Nely Iglesias Iglesias** (Salamanca): *Crosslinguistic study of the prepositional construction [a pleno SN] and its equivalents in German*

17:30 - 18:30 **Inga Hennecke** (Tübingen)

**Evelyn Wiesinger** (Regensburg),

**Johanna Wolf** (München): *The prepositional dynamics of complemento de régimen-constructions in Spanish – evidence from an acceptability judgment task and an eye tracking study*

### Friday, 03 October

09:15 - 10:15 **Eleni Kanli** (Tübingen) & **Evelyn**

**Wiesinger** (Regensburg): *Why 'ir de compras' to go shopping' is not trivial in Spanish. A synchronic and diachronic corpus analysis of motion verb + de 'from, of' + event noun constructions*

10:15 - 11:15 **Philipp Dankel** (Basel), **Oliver**

**Ehmer** (Osnabrück), **Inga Hennecke** (Tübingen), **María Sol Sansiñena Pascual** (Leuven): *Shell-Noun constructions of the type cosa de N*

11:15 - 11:45 Coffee Break & Networking Time

11:45 - 12:45 **Hans-Jörg Döhla** (Tübingen) & **Alexander Teixeira Kalkhoff** (Heidelberg): *Constructionalization and inheritance links in polysemic prepositions: the case of Chabacano kon and Papiamentu ku*

12:45 - 13:45 **Teresa Gruber** (München), **Evelyn Wiesinger** (Regensburg): *Un, dos tres un pasito + Xspatial relator. The role of prepositions and prepositional constructions in Spanish V un paso + Xspatial relator strings*

Project CREA-CONSTRIDIOMS (PID2024-161338OB-I00) Construcciones Preposicionales en Español

# **Actividades/Informacións académicas**

---

## **Título da información/actividade**

Defensa de **Tese de Doutoramento** de María Luisa Castro Delgado: "La poética valleinclaniana del personaje masculino en "Fermeninas" (1895),"Cofre de sándalo (1909) y "Corte de amor" (1903-1922)".)

**Destinatarias** Membros da Facultade de Filoloxía

**Axente que informa/organiza** Margarita Santos Zas, directora da Tese de Doutoramento antedita

**Datas** 6 de outubro de 2025

**Lugar** Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

**Horario** 11.30h

**Enderezo electrónico de contacto** [margarita.santos@usc.es](mailto:margarita.santos@usc.es)

---

# Actividades/Información académicas

## Organising Committee

Idalete da Silva Dias (U. Minho)  
María José Domínguez (USC, Coordinator)  
Besim Kabashi (EKUT, Coordinator)  
Elena Martín Cancela (UDC)  
Vitor Miguez Rego (USC)  
Lola Mosquera Sánchez (USC)  
Martín Pereira Fariña (USC)  
María Teresa Sanmarco Bande (USC, Secretary)  
Carlos Valcárcel Riveiro (UVigo)

## Languages

English, Deutsch, Español, Galego

## Contact Us

 [mt.sanmarco@usc.es](mailto:mt.sanmarco@usc.es)



Proyecto PID2022-137170GB-I00. Financiado por MICHAEL/10.13039/501100011033 y por FEDER/UE



ETIQUETADOR SEMANTICO MULTILINGUE



## Semantic Annotation, Dictionaries and AI

9–10 October 2025  
Facultade de Filoloxía – Room B03  
Universidade de Santiago de Compostela

## 9 October

9:30–10:00 Arrival of participants and opening ceremony

10:00 María José Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela), *ESMAS-ES+ im Zeitalter der künstlichen Intelligenz*

10:40 Besim Kabashi (Eberhard Karls Universität Tübingen), *Thank you, Generative AI, I just wanted to know what you think about it and how you would do it ... I'll do it or the rest myself*

11:20 Daniel Mora (Pontificia Universidad Católica de Valparaíso), *Is the model reading or just counting words? Explainability in Automatic Essay Scoring*

12:00 Coffee break

12:30 Carlos Valcárcel (Universidade de Vigo), *Optimising Semantic Tagging with AI: An Example in Practice*

13:10 Idalete da Silva (Universidade do Minho), *AI and the Humanities: From the Annotated Corpus to Public Knowledge*

Lunch

16:00–19:00 ESMAS-ES+ team meeting

## 10 October

10:00 Workshop: *Everything we can't do well enough on our own? On the connection between lexicography and AI*. Participants: María José Domínguez, Isaac González, Besim Kabashi, Daniel Mora, María Teresa Sanmarco e Carlos Valcárcel.

11:00 Meeting with PhD students, EMLex master's students and research group members. First slot:

11:00 Iván Arias, *Noun valency at the crossroads: a new methodological proposal for lexicographic data retrieval*

11:15 Jorge Fernández Avilés, *Methodological Perspectives on Corpus-Assisted Ecolinguistics*

11:30 Luke Akinremi, *From Concept to Dictionary: Building a Yoruba–English Parallel Corpus*

11:45 Lucía del Castillo, *From words to meaning: the evolution of machine translation systems and the role of semantics*

12:00 Coffee break

12:30 Meeting with PhD students, EMLex master's students and research group members. Second slot: *Formative Session for EMLex Students: Research Ideas and Academic Dialogue with Isaac González (USC)*. Participants: Larissa C. Ferreira, Miguel A. López Alfonso, Alaa Hassan, together with the other students of the EMLex Master's Programme.

13:30 Closing session

**Axente que organiza** Máster EMLex e grupo de investigación do proxecto ESMAS-ES+

**Enderezo electrónico de contacto** [mt.sanmarco@usc.es](mailto:mt.sanmarco@usc.es)

**Ligazón á páxina web ou rede social** <http://portlex.usc.gal/eventos/semantic-annotation-dictionaries-and-ai-xornadas-internacionais-na-usc-9-e10-de-outubro-de-2025/>

# Actividades/Informacións académicas

**Título da actividade** Actividade formativa en tecnoloxías da fala cun crédito ECTS recoñecido

**Destinatarias** Estudantes da USC

**Axente que organiza** Proxecto Nós (<https://nos.gal/gl/proxecto-nos>)

**Datas** Todo o curso académico

**Lugar** Online

**Horario** Libre

**Enderezo electrónico de contacto** [adina.vladu@usc.gal](mailto:adina.vladu@usc.gal)

**Ligazón á páxina web** [https://ilg.usc.gal/gl/actividades/recollida\\_validacion\\_datos\\_de\\_voz\\_galego](https://ilg.usc.gal/gl/actividades/recollida_validacion_datos_de_voz_galego)

**Descrición da actividade** Esta actividade formativa, ofrecida polo Proxecto Nós en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, presenta un percorrido teórico e práctico de 25 horas polas tecnoloxías da fala en galego. As persoas participantes familiarizaranse coas tecnoloxías da fala en galego, as súas aplicacións e os datos necesarios para o seu desenvolvemento e participarán na recollida de datos lingüísticos a través da gravación e validación de fragmentos de voz en galego na plataforma Common Voice. Finalmente, terán que presentar un informe que reflicta a súa experiencia.

Common Voice é unha plataforma pública de datos de voz alimentada por persoas voluntarias que doan a súa voz e contribúen xulgando como válidas ou non as doazóns feitas por outras persoas. O obxectivo deste proxecto colaborativo é crear grandes corpus de datos orais que poidan ser empregados para adestrar modelos de recoñecemento da fala en galego.

As competencias adquiridas mediante a participación nesta actividade están certificadas pola USC como formación a través do recoñecemento dun crédito ECTS.

proxecto **NÓS**

## Recollida e validación de datos de voz en galego a través de Common Voice



Únete e contribúe ao futuro do galego nas tecnoloxías da fala!

**Duración:** 25 horas

**Titulación:** Todas

**Prazo:** 30 días dende a inscrición

**Créditos:** 1 ECTS

**Inscripcións e máis información:**



O Proxecto Nós con referencia 2022/PL22/00215.336 está financiado polo Ministerio de Transformación Digital e polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

### ALUMNOS TITORES DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



ARTURO DÍAZ

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORES, ENCARGADOS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

**ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE**



IRIA LIÑARES


PODES FALARNOS POLOS CORREDORES  
OU AO NOSO CORREO:

arturojose.diaz@rai.usc.es

iria.linaires@rai.usc.es

## A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC



**filoloxiausc.bsky.social**

@filoloxiausc.bsky.social

# A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc\_filoloxia



@buscfiloloxia